

José Tomé Roca, candidato do PSdeG á alcaldía de Monforte, sostén que “temos un proxecto claro, centrado nos servizos públicos, un novo Plan Xeral e a recuperación económica”

“Tomé Roca será o próximo alcalde de Monforte, os socialistas somos necesarios porque somos os que mellor xestionamos os concellos, pensando só nos problemas dos cidadáns”, asegurou o líder do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro

MONFORTE, 16 DE ABRIL DE 2015.- José Tomé Roca, candidato do PSdeG á alcaldía do Concello de Monforte, presentou esta tarde a lista municipal coa que se presentará ás eleccións que terán lugar o vindeiro 24 de maio. “Temos un proxecto claro, centrado nos problemas de Monforte e con obxectivos ben definidos, porque esta cidade merece unha oportunidade para volver medrar”, afirmou.

No acto, a candidatura estivo acompañada polo secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, e o secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo, Juan Carlos González Santín. “Tomé Roca será o próximo alcalde de Monforte, os socialistas somos necesarios porque somos os que mellor xestionamos os concellos, pensando só nos problemas dos cidadáns”, asegurou o líder do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro.

Tomé Roca presenta un programa con tres piares básicos. En primeiro lugar, potenciar os servizos Sociais para as persoas e as axuda a domicilio e dependencia. “Queremos facelo de verdade, e non como outros, pois, xunto con Chantada, somos os concello que temos o gasto social máis baixo por habitante. Investimos tan só 66 euros por habitante, mentres Saviñao destina 112 euros ou Pobra de Brollón 139”, apuntou.

En segundo lugar, a elaboración dun Plan Xeral “que recolla a realidade actual e deseñe o futuro”. E, por último, recuperar a actividade económica “do noso tecido produtivo e darlle ocupación aos terreos industriais”.

Trátase de tres eixos de actuación que demostra que “temos o rumbo definido, xusto o que se precisa, pois o panorama do noso concello é un panorama sen actividade, sen proxectos, sen apoios e sen capacidade política para liderar á sociedade monfortina. Levamos catro anos en tempo morto, como din no baloncesto”. Con todo, “e como creo que hai que ser elegantes cos que se van”, adiantou que “imos axudar ao alcalde a rematar o seu mandato, independentemente de que esteamos ou non de acordo coa súa labor, xa que foi o noso representante durante 12 anos”.

“Somos necesarios”

Tomé Roca manifestou que os socialistas “somos necesarios”. Proba delo, é que “os dirixentes do PP de Monforte só veñen para utilizarnos, de visita turística e a mentirnos. Din non ao obradoiro de emprego e ao centro de continuidade do colexio Infanta Elena; retrasan as obras públicas e, por riba, presumen de que son a solución, cando realmente son parte do problema”.

Por iso, convidou aos responsables do Partido Popular a “facer unha ruta turística para ir amosando onde están metidos eses 144 millóns de euros que din que investiron na

cidade”. “Non coñezo ningunha obra en Monforte que custe isto, polo que creo que esta afirmación supón unha ofensa e unha falta de respecto. A candidata do PP debería de pedir perdón por compartir este tipo de mentiras”, subliñou.

Obxectivo marcado

O secretario Provincial non dubidou en recoñecer que se atopa satisfeito con esta candidatura, pois conforma un equipo “que nos permitirá conseguir o obxectivo que nos marcamos nesta comarca e que é que o concello de Ribas de Sil non sexa unha illa para os socialistas desta zona”. Neste senso, subliñou que o proxecto de José Tomé Roca reverterá as cifras “escalofrantes” de que o sur de Lugo é a segunda área de Galicia con máis pobreza. Datos que, a partir do 24 de maio, “só quedarán nas hemerotecas”, indicou Santín.

“Temos ao mellor candidato para conducir esta locomotora que cambiará o futuro de Monforte. Non pode ser que os que optan a representar aos monfortinos estean máis preocupados de todo menos de traballar para que se cumpran os proxectos comprometidos con este municipio”. Como exemplos, citou o Porto Seco, e os seus accesos, e o remate do corredor. “Son iniciativas que teñen a palabra do Goberno galego, pero que están a ser ignoradas, a pesares de que o conselleiro de Industria é de aquí”.

“Eu non dubido que o Sr. Conde traballe no despacho de San Caetano, pero o que teño claro é que ignorou aos seus veciños”. Neste senso, o secretario Provincial e deputado autonómico reafirmou que “no PSOE non estamos para gobernar despachos nin edificios, estamos para gobernar para as persoas”.

A candidatura presentada hoxe en sociedade dispón, segundo explicou Tomé Roca, de 17 membros e catro catro suplentes; “o mellor equipo humano que se presenta a estas eleccións, paritario e formado por homes e mulleres que son profesionais comprometidos e dispostos a axudar a sacar a Monforte adiante”.